

ESPECIALIDADE: ORIENTACIÓN A PÉ urbana SPRINT				
ADESTRAMENTO				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Reunións organizativas previas entre organizadores do adestramento (trazador, persoal de campo, persoal de control de tempos SPORTident, etc.)	No caso imprescindible de ter que realizar reunións presenciais, manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Priorizar que as reunións sexan telemáticas. Dispoñer de hidroxel no espazo de reunión: lavado de mans antes e despois da reunión. Nomear un Delegado de campo COVID do adestramento. Utilizar máscaras de protección en espazos pechados, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade. Priorizar o uso de locais amplos e ventilados.
Antes (común)	Staff propio (cartógrafo)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa	Cartógrafo que fai os traballos de campo previos e mantén conversas cos propietarios dos terreos e outros usuarios do espazo.	Realizar os traballos de cartografía relacionados coa actividade deportiva en solitario. Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Lavado de mans antes e despois de cada xornada (é recomendable levar un botiño de hidroxel). Utilizar máscaras de protección en espazos ao aire libre, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Xestións de autorizacións administrativas por parte dos organizadores ante Concellos, Comunidades de Montes, Cotos de Caza, Consellerías, etc.	No caso imprescindible de ter que caso de realizar reunións ou entregas presenciais, manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Priorizar que as xestións sexan telefónicas e telemáticas. Lavado de mans antes e despois das reunións (é recomendable levar un botiño de hidroxel). Utilizar máscaras de protección en espazos pechados, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Staff propio (xestores de materiais)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Xestións presenciais en establecementos comerciais para a compra de materiais (deportivo ou non) necesarios para a realización do adestramento. Carga, transporte e almacenamento dos materiais.	Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Priorizar as compras telemáticas. Lavado de mans antes e despois das xestións (é recomendable levar un botiño de hidroxel). Utilizar máscaras de protección en espazos pechados, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Persoas da organización con posibles síntomas leves e que participan na preparación do adestramento	Facer un Auto test antes de saír da casa, tanto nos días previos de preparación (traballo de campo, preparación de materiais, reunións, etc.) como no día da montaxe do adestramento. Debo facerme tres preguntas: Teño febre? Teño tose? Noto falta de alento? Se algunha das respostas é positiva, debo quedar na casa e proceder tal e como establece a Consellería de Sanidade. Comunicalo inmediatamente ao Delegado de campo COVID do adestramento. Para ter máis certezas podo acceder a https://coronavirus.sergas.gal/autotest .
Antes (común)	Staff propio (grupos de risco)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Persoas da organización que participan e pertencen a un determinado grupo de risco respecto ao Covid-19.	A recomendación para as persoas sensibles e vulnerables é que non deberían formar parte da organización sen consultar ao seu médico ou cun médico do deporte. En calquera caso asumirán calquera risco baixo a súa responsabilidade. O CSD (Consejo Superior de Deportes) establece como principais grupos vulnerables aos maiores de 60 anos, e aquelas persoas diagnosticadas de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias, e embarazadas polo principio de precaución.
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Desprazamento en vehículos con persoas que non son membros da mesma unidade familiar (xestións, viaxe ao lugar de adestramento, recollida de materiais, etc.). Estacionamento no lugar de adestramento. Desprazamento en vehículos para colocación de puntos dos puntos de control (balizas) no terreo.	Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Tamén ao saír do vehículo. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Repartir aos adestradores nun maior número de vehículos. Na medida do posible, agrupar nun mesmo vehículo conviventes ou grupos estables, sen cambiarlos nen de asento, nen de coche durante os desprazamentos de ida e volta. Levar un botiño de hidroxel no interior do vehículo. Lavado de mans antes e despois da viaxe. Evitar, na medida do posible, o desprazamento en vehículos colectivos (autobuses, etc.). Atender ás indicacións sectoriais da Consellería de Sanidade. Utilizar máscaras de protección no interior do vehículo. Non recircular o aire. Ventilar o interior con frecuencia. Nas áreas de estacionamento do lugar de adestramento o uso de máscaras é OBRIGATORIO tamén ao saír do vehículo.
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Montaxe do adestramento. Contactos entre persoas durante o reparto e colocación dos materiais dos puntos de control (balizas): prebalizado, estacas, numeración, estacións e telas.	Evitar o contacto persoa-persoa. Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. O número de persoas de campo que coloquen os puntos de control (balizas) será o estritamente necesario. Se dividirá a área de adestramento en sectores que han de colocar (e recoller ao finalizar) individualmente. Minimizar o número de persoas de campo para montar o espazo de adestramento. Se asignarán equipos de montaxe e desmontaxe estables que traballarán en parellas, ou individualmente de ser posible. Aplicará aos espazos de presaída-triaxe, quecemento, saída, meta-recuperación e SPORTident. Utilizar máscaras de protección en espazos ao aire libre, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade. Utilizar máscaras de protección sempre que se manipule o material, aínda que sexa individualmente. Habilitar o control de temperatura termómetro infravermello (sen contacto) para membros do staff con carácter previo á montaxe. Ter un termómetro de reposto e máis pilas.
Antes (común)	Staff propio (Delegado de campo COVID)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SECUENCIAL	Falta de control respecto a distanciamento entre persoas, e respecto á utilización de máscaras: - no espazo de aparcadoiro. - no espazo de reunión (<i>arena</i>).	A organización designará un Delegado de campo COVID que debe velar polo cumprimento do presente protocolo durante o adestramento. En particular ANTES da actividade deportiva durante o proceso de inscrición debe comprobar: Dispoñer, de ser necesario e sempre respectando a LOPD, dos datos de contacto dos inscritos a través dos clubs. Dispoñer, de ser necesario e sempre respectando a LOPD, dos datos de contacto dos inscritos coma INDEPENDENTES. Os inscritos aportan a correspondente declaración responsable de participación na actividade. Os requisitos de admisión na proba (aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado) están publicados na web da FEGADO. Verificar se están identificados os participantes que son grupo de risco (persoas sensibles e vulnerables). No caso de facer uso de instalacións (pavillóns, duchas, aseos, etc.), solicitar ao titular das mesmas o correspondente protocolo de uso. Difundilo entre os diferentes axentes a través de notas informativas ou boletíns, se é preciso. En particular ANTES da actividade deportiva no espazo aparcadoiro e no espazo de reunión (arena): Supervisar que os membros do STAFF e DEPORTISTAS están a manter as distancias de seguridade que indica o protocolo en cada espazo. Supervisar que non se produzan aglomeracións de DEPORTISTAS nos espazos de reunión (<i>arena</i>). Debe evitar que os DEPORTISTAS instalen tendas ou espazos de concentración (refuxios, amoreamento de mochilas, etc.). Deben supervisar que, de instalarse tendas de venda de materiais, se respecten as distancias de seguridade e o uso de máscaras segundo o establecido pola Consellería de Sanidade. Supervisar que non se produzan circulacións de persoas acompañantes aos espazos restrinxidos a DEPORTISTAS, sendo o límite o punto de presaída/triaxe. Non está permitido o acceso de acompañantes á zonas de saída e meta (salvo que participen na actividade deportiva). Na medida do posible, deben evitar acceder ao espazo de SPORTident. Supervisar que os DEPORTISTAS están a utilizar as máscaras de seguridade segundo indica o protocolo. Supervisar que os membros do STAFF están a empregar máscaras de protección FFP2 sen válvula e pantallas faciais plásticas. Debe estar atento á súa reposición debido a perdas, condicións atmosféricas adversas (choiva, etc.). A persoa do STAFF que exerza como DELEGADO DE CAMPO COVID utilizará máscara de protección FFP2 sen válvula (para evitar contaxios e evitar ser contaxiados) en espazos ao aire libre, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as

ESPECIALIDADE: ORIENTACIÓN A PÉ urbana SPRINT				
ADESTRAMENTO				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
				<p>indicacións das Consellería de Sanidade. Reforzar a protección fronte ao contaxio por vía aérea mediante o uso de pantalla facial plástica.</p> <p>Supervisar que os membros do STAFF dispoñen de materiais de desinfección suficientes (hidroxel, pulverizador con solución auga-lixivia 1:50 ou desinfectante virucida equivalente. Tamén panos desbotables e bolsas plásticas con autopeche para a xestión dos mesmos., bolsas, etc. Debe estar atento á súa reposición.</p>
Antes (común)	Staff propio (coordinadores COVID)	<p>xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa</p> <p>xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO</p>	<p>Deportistas que se inscriben no adestramento sen coñecer os riscos aos que están expostos nin as medidas que deben adoptar.</p> <p>Deportistas que se inscriben no adestramento sen facilitar os seus datos ou con datos non actualizados.</p>	<p>Coordinador COVID de CLUB</p> <p>Os clubs, a través da designación dun coordinador COVID de CLUB, teñen a obriga de informar aos seus socios do protocolo FISICOVID-DXT Galego da FEGADO (documento de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e está publicado na web da federación https://fegado.es).</p> <p>Debe informar aos seus socios que o adestramento se realizará segundo a filosofía de chegar, correr e marchar, evitando a socialización entre deportistas.</p> <p>Recibirá información a través do Coordinador COVID da FEGADO para estar ao día nas normas establecidas pola Consellería de Sanidade, como en posibles actualizacións do Protocolo FISICOVID FEGADO.</p> <p>As probas se disputarán sen público. Debe recomendar que se despracen ao adestramento o menor número de acompañantes posible, e de facelo, ademais de coñecer o protocolo no que lles afecta, deben saber que o acceso ás zonas de saída, presaiada e meta están restrinxidos exclusivamente aos deportistas. Tampouco poderán acceder ao mapa no que ten lugar o adestramento, tal e como establece o regulamento.</p> <p>De cara á posible necesidade dun rastrexo de contactos, debe garantir que os datos persoais dos socios rexistrados na web da FEGADO estean actualizados, respectando sempre a LOPD.</p> <p>No caso de asistir á actividade deportiva (debe delegar esta función noutra persoa no caso de non asistir):</p> <ul style="list-style-type: none"> Debe evitar a concentración de persoas do club no espazo de reunión (<i>arena</i>), impedindo a instalación de tendas, bandeirolas, etc. Debe estar a disposición do Delegado de campo COVID da competición. <p>Coordinador COVID da FEGADO para a implementación e seguimento do protocolo</p> <p>Será o interlocutor coa Secretaría Xeral para o Deporte.</p> <p>Estará a disposición da organización da proba para o asesoramento en materia do Protocolo FISICOVID FEGADO.</p> <p>Estará a disposición dos estamentos federativos para a información e formación en materia do protocolo FISICOVID FEGADO.</p>
Antes (común)	Staff propio (xestores de materiais)	<p>xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa</p> <p>xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais</p> <p>USO SIMULTÁNEO</p> <p>xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO</p>	<p>Traballos previos en almacén CLUB. Preparar e cargar materiais de adestro dos clubs.</p> <p>Traballos previos en almacén FEGADO. Contactos cos materiais da FEGADO ao revisar e enviar/recoller.</p> <p>Recollida, presenciais ou envío por empresa de mensaxaría.</p>	<p>Durante a preparación de materiais en almacén, evitar o contacto persoa-persoa. Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.</p> <p>Lavado de mans antes e despois de tocar os materiais, ben con auga e xabón ou con hidroxel.</p> <p>Minimizar o número de persoas en contacto co material, que no caso de estación e tarxetas SPORTident debe ser unha única persoa.</p> <p>Os xestores de materiais, tanto de CLUB como de FEGADO, deben recibir e entregar os materiais con garantías de desinfección, documentándoo por escrito.</p> <p>Poden consultar a eficacia virucida dos produtos a comerciais empregar no seguinte enlace: [ver]</p> <p>Desinfección dos materiais con solución auga-lixivia 1:50 ou desinfectante virucida equivalente, salvo indicación contraria do fabricante. Pode ser considerada como alternativa a corentena dos materiais segundo estas indicacións: [ver]</p> <p>No caso de estacións e tarxetas SPORTident seguir escrupulosamente as instrucións de SPORTident recibidas en data 24/06/2020, preferentemente con solución 70% isopropanol u 80% etanol. [ver]</p> <p>Bandas elásticas ou cordas (material poroso) e tarxetas SPORTident (material plástico non poroso) deben ser manexadas separadamente en contedores independentes.</p> <p>Durante os traballos previos en almacén CLUB/FEGADO: lavado de mans antes e despois de entrar en contacto cos materiais, ben con auga e xabón ou con hidroxel.</p> <p>Utilizar máscaras de protección en espazos ao aire libre, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.</p> <p>Utilizar máscaras de protección sempre que se manipule o material, aínda que sexa individualmente.</p>
Antes (común)	Staff propio (xestores de materiais)	<p>xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa</p> <p>xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais</p> <p>USO SECUENCIAL</p> <p>xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO</p>	<p>Contacto cos mapas e/ou descrições de control durante o proceso impresión, revisión e reparto.</p> <p>Recollida no servizo de impresión propio (club ou federación) ou alleo (servizo externo).</p>	<p>Durante a recollida/reparto dos mapas, evitar o contacto persoa-persoa. Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas.</p> <p>Esixir protocolo de desinfección ao proveedor de mapas ou imprenta.</p> <p>Desinfección dos materiais con solución auga-lixivia 1:50 ou desinfectante virucida equivalente, salvo indicación contraria do fabricante. Pode ser considerada como alternativa a corentena dos materiais segundo estas indicacións: [ver]</p> <p>Lavado de mans antes e despois de entrar en contacto cos mapas, ben con auga e xabón ou con hidroxel.</p> <p>Envío telemático por adiantado dos arquivos de mapas, descrições de control, etc., e de todo que axude a evitar desprazamentos e contactos entre persoas innecesarios. Posibilidade de autoimpresión por parte dos deportistas.</p> <p>Utilizar máscaras de protección sempre que se manipule o material, aínda que sexa individualmente.</p>
Antes (común)	Staff propio (xestores de materiais)	<p>xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais</p> <p>USO SECUENCIAL</p>	<p>Estacións SPORTident. Contactos cos materiais durante a configuración dos dispositivos electrónicos de control de paso (estacións SPORTident)</p>	<p>Minimizar o número de persoas en contacto co material, que no caso de estación SPORTident debe ser unha única persoa.</p> <p>No caso de estacións e tarxetas SPORTident seguir escrupulosamente as instrucións de SPORTident recibidas en data 24/06/2020, preferentemente con solución 70% isopropanol u 80% etanol. [ver]</p>
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	<p>xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa</p> <p>xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais</p> <p>USO SIMULTÁNEO</p>	<p>Montaxe de infraestruturas pesadas para o adestramento (tendas túnel, tendas iglú, carpas auxiliares ao aire libre, grupos electrónenos pesados, megafonía, etc.)</p> <p>Montaxe de infraestruturas lixeiras para o adestramento (sinais de acceso, balizamento, elementos de mobiliario, etc.).</p>	<p>Evitar o contacto persoa-persoa. Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas.</p> <p>Prescindir, na medida do posible, de infraestruturas pesadas que para súa montaxe requiran un traballo en grupo. Excepción: carpa aberta de illamento para a posible detección de persoa con síntomas durante o adestramento (equipada con máscaras cirúrxicas, cubo de pedal e bolsas con peche).</p> <p>Prescindir de cabaletes de entrega de descrições de controis.</p> <p>Prescindir de infraestruturas de exposición de listas/resultados.</p> <p>Prescindir da montaxe de estruturas de podio.</p> <p>Dispoñer de hidroxel para STAFF PROPIO no espazo MONTAXE DO ADESTRAMENTO. Lavado de mans antes e despois de entrar en contacto cos materiais.</p> <p>Dispoñer de pulverizador con solución auga-lixivia 1:50 ou desinfectante virucida equivalente no espazo de MONTAXE DO ADESTRAMENTO. Panos desbotables e bolsas plásticas con autopeche para a xestión dos mesmos.</p>
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	<p>xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais</p> <p>USO SECUENCIAL</p>	<p>Montaxe do adestramento. Reparto e colocación dos materiais dos puntos de control (balizas): estacas, numeración, estacións e telas.</p> <p>Activación das estacións con tarxeta SPORTident propia.</p>	<p>O número de persoas de campo que coloquen os puntos de control (balizas) será o estritamente necesario. Se dividirá a área de adestramento en sectores que han de colocar (e recoller ao finalizar) individualmente.</p> <p>O material xa virá previamente repartido nos lotes que correspondan a cada adestrador.</p> <p>Evitar que persoas que non sean adestradores participen na montaxe.</p> <p>Eliminar ou inutilizar dispositivos manuais de control de paso (pinza clásica).</p> <p>Os ADESTRADORES deben levar hidroxel para a montaxe do adestramento. Limpeza exhaustiva de mans, estacións e tarxeta SPORTident antes e despois da colocación dos puntos de control (balizas)</p>
Antes (O-pé bosque)	Staff propio (ningún)	<p>xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais</p> <p>USO ALTERNO</p>	<p>NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN</p>	<p>Non identificamos contactos a través de materiais que pasen ALTERNATIVAMENTE dunhas mans a outras antes de comezar o adestramento.</p> <p>Os ADESTRADORES gardan o seu pequeno material que é de uso individual (equipación, tarxeta SPORTident, polainas ou calcetas, compás, porta descrições, mapa usado, etc.). Non deben compartilo cos DEPORTISTAS.</p>
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	<p>xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies</p> <p>USO SIMULTÁNEO</p>	<p>Utilización das SUPERFICIES de aulas, duchas e aseos, pavillóns ou instalacións deportivas cubertas para a realización dos adestramentos.</p> <p>Tanto como resguardo como para levar a cabo as actividades físicas e deportivas ou para impartir charlas técnicas.</p>	<p>Resguardo en pavillóns ou instalacións deportivas cubertas. A recomendación nesta fase é de non facer uso destas SUPERFICIES para resguardo en caso de inclemencias meteorolóxicas posto que non se pode garantir a distancia de seguridade entre persoas. A actividade física e deportiva deberá ser exclusivamente ao aire libre segundo a filosofía de Chegar, Correr e Marchar (CCM).</p> <p>Aseos e vestiarios en instalacións alleas. A recomendación nesta fase é de non facer uso destas SUPERFICIES despois da actividade deportiva. De facelo se deberá publicar no boletín o protocolo do titular da mesma respecto ao USO das SUPERFICIES.</p>

ESPECIALIDADE: ORIENTACIÓN A PÉ urbana SPRINT				
ADESTRAMENTO				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
				<p>Pavillóns ou instalacións deportivas. Aínda sendo posible un USO en SIMULTÁNEO peonil en carreira, a recomendación nesta fase é de non facer uso destas SUPERFICIES para as actividades deportivas. Debemos evitar concentrar corredores en pouca superficie de terreo e priorizar o uso do medio natural.</p> <p>Aulas. No caso de utilización de aula para charlas teóricas ou presentacións se aplicarán os protocolo do titular das instalacións respecto ao USO das SUPERFICIES.</p> <p>Dispoñer de hidroxel independente para ADESTRADORES no espazo de AULA do adestramento. Lavado de mans antes e despois de entrar. Tamén en caso de entrar en contacto con superficies (mesas, encerados, sillas, etc.).</p> <p>Dispoñer de pulverizador con solución auga-lixivia 1:50 ou desinfectante virucida equivalente no espazo de AULA do adestramento. Panos desbotables e bolsas plásticas con autopeche para a xestión dos mesmos. Lavado das superficies antes e despois de utilizar o aula.</p>
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO SECUENCIAL	Utilización das SUPERFICIES de aulas, aseos e vestiarios, pavillóns ou instalacións deportivas cubertas para a realización dos adestramentos.	<p>Os contactos con superficies se limitan a circulacións peonís nos espazos de SPORTident, reunión (arena) e aparcadoiro. Estes espazos serán amplos e estarán ao aire. Sen embargo identificamos posibles excepcións:</p> <p>Espazo cuberto ou pechado SECRETARÍA. No caso de utilizar para SECRETARÍA dun espazo cuberto ou pechado dunha instalación se deberá publicar no boletín o protocolo do titular da mesma respecto ao USO das SUPERFICIES.</p> <p>Aseos en instalacións alleas. A recomendación nesta fase é de non facer uso destas SUPERFICIES despois da actividade deportiva. De facelo se deberá publicar no boletín o protocolo do titular da mesma respecto ao USO das SUPERFICIES.</p>
Antes (común)	Staff propio (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO ALTERNO	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	<p>Non identificamos un uso ALTERNO de superficies (deportistas alternativamente en contacto coa superficie en todo momento) por ADESTRADORES antes de comezar o adestramento. Os contactos con superficies se limitan a circulacións peonís nos espazos de SPORTident, reunión (arena) e aparcadoiro. Estes espazos serán amplos e estarán ao aire libre.</p>
Antes (O-Pé bosque)	Staff propio (trazador dos percursos)	xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	<p>Un mal deseño de percursos podería implicar que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - socialización que resulte en contactos estreitos entre persoas. - se produzan aglomeracións por unha mala selección da zona de aparcadoiro e espazo de reunión (arena) expoñendo a organizadores e deportistas. - se produzan aglomeracións por unha mala selección da zona de saída expoñendo a organizadores e deportistas. - se produzan aglomeracións por unha mala selección da zona de meta, expoñendo a organizadores e deportistas. - se produzan aglomeracións por non ter previsto un espazo de recuperación para os deportistas segundo rematan os percursos. - coincida máis de un deportista nun determinado punto de control (baliza) ou tramo. - coincidan deportistas e persoal alleo (transeúntes, veciños, etc.) durante o percorrido. 	<p>Reflexións sobre a idoneidade dun Espazo de Adestramento e Mapa</p> <p>Espazos amplos ao aire libre para evitar a aglomeración de persoas antes, durante e despois do adestramento.</p> <p>Evitar, na medida do posible, o uso de espazos pechados e cubertos. Sempre considerar escenarios adversos (inclemencias meteorolóxicas, demoras nas saídas, etc.) para calcular a versatilidade dos espazos e evitar a aglomeración de persoas.</p> <p>Na medida do posible, espazos libres doutros usuarios, peatóns, espectadores ocasionais, etc.</p> <p>Aparcadoiros amplos, separados o suficiente do Espazo de Adestramento para evitar a concorrencia de persoas.</p> <p>Seleccionar un espazo de reunión (arena) amplos e ao aire libre, pero no que se debe evitar a socialización e que permita manter o distanzamento social.</p> <p>Circulacións fluidas dentro do Espazo de Adestramento, evitando cruzamentos de persoas. Hai que sinalizar, dende o aparcadoiro, cómo chegar a cada espazo.</p> <p>Medidas para evitar que coincidan deportistas no espazo de saídas</p> <p>Presaiña obrigatoria para realizar a triaxe de corredores (toma de temperatura). Espazo suficiente e marcaxe no terreo de distancias de seguridade na zona de espera/acceso (6,0 m)</p> <p>Seleccionar un espazo de quecemento amplo e ao aire libre para dar cabida ao número de corredores entre presaiña e saída. Espazo suficiente como para poder manter a distancia de seguridade de 3,0 m entre deportistas.</p> <p>Seleccionar un espazo de saídas amplo e ao aire libre para dar cabida ao número de corredores entre presaiña e saída. Espazo suficiente e marcaxe no terreo de distancias de seguridade na zona de espera/acceso (3,0 m).</p> <p>Saídas graduadas para un máximo de 1 corredor/minuto. Espazos -2,-1 e baliza START obrigatoria.</p> <p>Evitar saídas en tramos estreitos.</p> <p>Recomendacións para evitar que coincidan deportistas no espazo de saídas</p> <p>Deseñar tramos longos ao triángulo de saída.</p> <p>Deseñar primeiros controis que axuden a dispersar aos corredores. En función do número de corredores, deseñar percursos nos que os primeiros puntos utilicen puntos de control (balizas) diferentes. Deseñar tramos longos a ás primeiras balizas.</p> <p>Medidas para evitar que coincidan deportistas durante o percorrido</p> <p>Deseño de percursos que faciliten o distanciamento de corredores e o distanciamento con persoal alleo (transeúntes, veciños, etc.).</p> <p>Seleccionar emprazamentos de puntos de control (balizas) en elementos, espazos ou horarios non concorridos.</p> <p>Incrementar o número de puntos de control (balizas).</p> <p>Reducir o número de puntos de control (balizas) comúns, na medida do posible.</p> <p>Priorizar os tramos con elección de ruta.</p> <p>Evitar, na medida do posible, as entradas e saídas dun punto de control (baliza) polo mesmo lugar.</p> <p>Deseñar percursos específicos para deportistas que pertencen a grupos de risco (>60 anos).</p> <p>Evitar o uso de balizas espectador.</p> <p>Evitar "agochar" os puntos de control (balizas) para garantir unha fluidez na orientación dos deportistas.</p> <p>Os puntos de control (balizas) dobrados estarán separados máis de 3 metros entre si. Non colocar máis dunha estación por cabaleta/estaca.</p>
Antes (común)	Staff propio (adestradores) (empregados das instalacións)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	<p>Briefing. Explicacións da actividade a un grupo de deportistas.</p> <p>Preparar a montaxe do espazo de charlas técnicas, promoción, etc.</p>	<p>Evitar o contacto persoa-persoa. Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) durante os desprazamentos e evitar saudar coa man ou con apertas.</p> <p>Formar e informar aos participantes dos protocolos de seguridade relacionados co COVID-19 a través da páxina web da FEGADO.</p> <p>Priorizar as actividades formativas ao aire libre. No caso de utilizar instalacións, cumprir as indicacións da Consellería de Sanidade (aforos, etc.) e os protocolos establecidos polo titular das mesmas.</p> <p>Evitar na medida do posible os briefing. Envío telemático por adiantado briefing para a evitar os contactos innecesarios entre persoas.</p> <p>No caso de ser necesario o briefing, dividir aos participantes en grupos pequenos, e cumprir as indicacións establecidas pola Consellería de Sanidade dun máximo de 25 participantes de forma simultánea e sen contacto físico. O adestrador se situará no centro dun círculo cos deportistas distribuídos a un mínimo de 3 metros, respectando a distancia de seguridade de 1,5 m entre eles.</p> <p>Utilizar máscaras de protección FFP2 (para evitar contaxios e evitar ser contaxiados) tanto en espazos ao aire libre coma en espazos pechados (aulas, etc.), aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.</p> <p>Adestradores. Reforzar a protección fronte ao contaxio por vía aérea mediante o uso de pantalla facial plástica.</p> <p>Empregados de instalacións. Aplicarán o protocolo do titular das mesmas</p>
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SECUENCIAL	<p>Montaxe do adestramento. Colocadores de puntos de control (balizas) que van xuntos ou coinciden durante a montaxe da proba.</p> <p>Circulacións lineais polo espazo de adestramento. Coincidencias no espazo en tempos diferentes de DEPORTISTAS con outros DEPORTISTAS e ORGANIZADORES antes de comezar o adestramento.</p>	<p>Divídese a área de adestramento en sectores de mapa (grandes superficies de terreo). Cada sector se asigna individualmente a unha persoa do STAFF PROPIO, que é quen coloca o prebalizado (se procede) e o punto de control (baliza).</p> <p>A colocación pode ser verificada por outros membros do STAFF PROPIO. Este proceso de comprobación non coincidirá no tempo (separación suficiente), e tampouco no espazo posto que a ruta de acceso aos puntos de control (balizas) é de libre elección e non está marcada no terreo.</p>
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito ALTERNATIVO	<p>Circulacións aleatorias polo espazo de adestramento. Coincidencias "en todo momento e intercambiando espazos" de ADESTRADORES</p>	<p>Os ADESTRADORES non deben socializar entre eles (nin con outras persoas) nos espazos de reunión (arena) antes de iniciar o adestramento. Deben manterse e non rotar no seu posto asignado, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m entre membros da organización, e de 3,0 m a outras persoas.</p>

ESPECIALIDADE: ORIENTACIÓN A PÉ urbana SPRINT				
ADESTRAMENTO				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
			con outros ADESTRADORES e DEPORTISTAS antes de comezar o adestramento.	Utilizar máscaras de protección FFP2 (para evitar contaxios e evitar ser contaxiados) en espazos ao aire libre/pechados, aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xVÍA INXESTIÓN uso de botellas e vasos	Compartir botellas e vasos entre membros do staff para hidratarse durante a montaxe do adestramento	Cada membro do STAFF PROPIO levará as súas propias botellas e vasos. Serán de uso individual e estará estritamente prohibido compartilos. Recoméndase marcar ou rotular os envases para evitar confusións.
Antes (común)	Staff propio (adestradores)	xVÍA INXESTIÓN comidas e víveres	Compartir comidas e víveres entre membros do staff para alimentarse durante a montaxe do adestramento	Cada membro do STAFF PROPIO levará a súa propia comida e víveres. Será de uso individual e estará estritamente prohibido compartilos.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Deportistas con posibles síntomas leves e que poderían participar no adestramento	Facer un Auto test antes de saír da casa, no mesmo día do adestramento. Debo facerme tres preguntas: Teño febre? Teño tose? Noto falta de alento? Se algunha das respostas é positiva, debo quedar na casa e proceder tal e como establece a Consellería de Sanidade. Comunicalo inmediatamente ao Coordinador COVID do meu club. Para ter máis certeza pode acceder a https://coronavirus.sergas.gal/autotest .
Antes (común)	Deportistas (grupos de risco)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Persoa sensible ou vulnerable que quere participar na actividade deportiva.	A recomendación para as persoas sensibles e vulnerables é que non deberían realizar adestramento deportivo sen consultar ao seu médico ou cun médico do deporte. En calquera caso asumirán calquera risco baixo a súa responsabilidade, e necesariamente tras consultar co seu club en que categoría deberían participar segundo as súas condicións físicas e experiencia. O CSD (Consejo Superior de Deportes) establece como principais grupos vulnerables aos maiores de 60 anos, e aquelas persoas diagnosticadas de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias, e embarazadas polo principio de precaución.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Desprazamento en vehículos con persoas que non son membros da mesma unidade familiar (xestións, viaxe ao lugar de adestro, recollida de materiais, etc.).	Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Tamén ao saír do vehículo. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Repartir aos DEPORTISTAS nun maior número de vehículos. Na medida do posible, agrupar nun mesmo vehículo conviventes ou grupos estables, sen cambiarlos nen de asento, nen de coche durante os desprazamentos de ida e volta. Levar un botiño de hidroxel no interior do vehículo. Lavado de mans antes e despois da viaxe. Evitar, na medida do posible, o desprazamento en vehículos colectivos (autobuses, etc.). Atender ás indicacións sectoriais da Consellería de Sanidade. Utilizar máscaras de protección no interior do vehículo. Non recircular o aire. Ventilar o interior con frecuencia Nas áreas de estacionamento do lugar de adestramento o uso de máscaras OBRIGATORIO tamén ao saír do vehículo.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa	Saúdos entre persoas no área de adestramento: entre organizadores, pero tamén aos deportistas, aos acompañantes, etc.	Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais USO SIMULTÁNEO	Deportistas que axudan aos adestradores na montaxe de infraestruturas pesadas para o adestramento (tendas túnel, tendas iglú, carpas auxiliares ao aire libre, grupos electrónos pesados, megafonía, etc.).	Como norma xeral os DEPORTISTAS non fan un uso SIMULTÁNEO de materiais antes de comezar o adestramento (espazo de reunión -arena- e aparcadoiro). Os DEPORTISTAS non deben colaborar na montaxe do espazo de adestramento. Os materiais que empregan os DEPORTISTAS antes do adestramento son de uso individual.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais USO SECUENCIAL	Preparación dos materiais individuais. Situacións de préstamo/aluguer de materiais de orientación.	Evitar compartir materiais de orientación. Priorizar que os materiais sexan individuais en réxime de propiedade: compás, porta-descrición de controis, tarxeta SPORTident ou similar, etc. No caso de préstamo/aluguer de materiais, estarán debidamente desinfectados con carácter previo. No caso de préstamo/aluguer de tarxetas SPORTident, as bandas elásticas ou cordas (material poroso) e as tarxetas SPORTident (material plástico non poroso) deben ser manexadas separadamente en contedores plásticos independentes. Os clubs deben incentivar entre os seus membros o uso de tarxetas SPORTident SIAC (contactless) para minimizar os contactos indirectos. A FEGADO debe adoptar políticas para a utilización do banco de material SPORTident SIAC (contactless) de 70 unidades a data actual. Recoméndase aos deportistas que non utilicen unha estación SPORTident SIAC (contactless) que leven durante a actividade deportiva un botiño individual de hidroxel (preferentemente con 70% isopropanol u 80% etanol para non deterioralas). Desinfección da tarxeta e das mans antes e despois de usar a tarxeta en cada estación.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais USO SECUENCIAL	Preparación das equipacións deportivas. Situacións de préstamo de equipacións deportivas.	Evitar compartir equipacións. Manexalas en bolsas plásticas. No caso de préstamo de equipacións, estarán debidamente desinfectadas con carácter previo. Pode ser considerada como alternativa a corentena dos materiais segundo estas indicacións do SERGAS: [ver] Levar un botiño de hidroxel individual. Lavado de mans antes e despois de recoller equipacións deportivas.
Antes (común)	Deportistas (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais USO ALTERNO	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non identificamos contactos a través de materiais que pasen ALTERNATIVAMENTE dunhas mans a outras antes de comezar o adestramento. Os DEPORTISTAS gardan o seu pequeno material que é de uso individual (equipación, tarxeta SPORTident, polainas ou calcetas, compás, porta descrições, mapa usado, etc.). Non deben compartilo cos DEPORTISTAS.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO SIMULTÁNEO	Utilización das SUPERFICIES de aseos e vestiarios, pavillóns ou instalacións deportivas cubertas antes do inicio do adestramento.	Evitar a utilización durante os adestramentos de espazos pechados, pavillóns ou superficies deportivas. Actividade de preparación individual en espazos ao aire libre. Recoméndase viaxar coa equipación deportiva posta dende a casa. Practicar os exercicios de quecemento ao aire libre. Non iniciais ata ter pasada a triaxe da toma de temperaturas na presaída.
Antes (común)	Deportistas (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO SECUENCIAL	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non existe uso secuencial de superficies por parte dos DEPORTISTAS. A preparación para o adestramento ten lugar de xeito individual e ao aire libre.
Antes (común)	Deportistas (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO ALTERNO	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non existe uso alterno de superficies por parte dos DEPORTISTAS. A preparación para o adestramento ten lugar de xeito individual e ao aire libre.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Briefing ou charlas técnicas. Deportistas que reciben charlas técnicas de explicación do adestramento: obxectivos e técnicas a practicar.	Manter a distancia de seguridade entre deportistas (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Manter a distancia de seguridade co adestrador , afastándose un mínimo de 3,0 m (3,0 metros). O adestrador se situará no centro dun círculo cos deportistas distribuídos a un mínimo de 3 metros, respectando a distancia de seguridade de 1,5 m entre eles. Utilizar máscaras de protección tanto en espazos ao aire libre coma en espazos pechados (aulas, etc.), aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SECUENCIAL	Deportistas que se cruzan con outros deportistas, acompañantes e monitores nos espazos de aparcadoiro, espazo de reunión, etc.	Utilizar máscaras de protección tanto en espazos ao aire libre coma en espazos pechados (aulas, etc.), aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito ALTERNATIVO	Circulacións aleatorias polo espazo de adestramento. Coincidencias "en todo momento e intercambiando espazos" de DEPORTISTAS con outros DEPORTISTAS e ADESTRADORES antes de comezar	Antes de comezar adestramento. Os DEPORTISTAS deben manter as distancias de seguridade de 1,5 metros con outras persoas na zona de reunión (arena). Entre exercicios e charlas. Os DEPORTISTAS poderán regresar á zona de reunión (arena) entre exercicio e exercicio, pero sempre mantendo estritamente as distancias de seguridade de 1,5 metros con outras persoas. Todos. Utilizar máscaras de protección tanto en espazos ao aire libre coma en espazos pechados (aulas, etc.), aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xVÍA INXESTIÓN uso de botellas e vasos	Uso de botellas e vasos para hidratarse antes de adestrar	Cada DEPORTISTA levará as súas propias botellas e vasos. Serán de uso individual e estará estritamente prohibido compartilos. Recoméndase marcar ou rotular os envases para evitar confusións.
Antes (común)	Deportistas (todos)	xVÍA INXESTIÓN comidas e víveres	Uso de comidas e víveres para alimentarse antes de adestrar	Cada DEPORTISTA levará a súa propia comida e víveres. Será de uso individual e estará estritamente prohibido compartilos.

ESPECIALIDADE: ORIENTACIÓN A PÉ urbana SPRINT				
ADESTRAMENTO				
MOMENTO	AXENTE	TIPO DE CONTAXIO	DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN	MEDIDA OU MEDIDAS PROPOSTAS
Antes (común)	Outros alleos (acompañantes)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Persoas que non compiten pero que poderían estar con posibles síntomas leves no espazo de adestramento	Facer un Auto test antes de saír da casa, no mesmo día do adestramento. Debo facerme tres preguntas: Teño febre? Teño tose? Noto falta de alento? Se algunha das respostas é positiva, debo quedar na casa e proceder tal e como establece a Consellería de Sanidade. Comunicalo inmediatamente ao Coordinador COVID do meu club. Para ter máis certeza pode acceder a https://coronavirus.sergas.gal/autotest .
Antes (común)	Outros alleos (acompañantes)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Desprazamento á ida en vehículos dos ACOMPAÑANTES con persoas que non son membros da mesma unidade familiar (viaxe dende o lugar de residencia, recoller e levar a outras persoas, etc.).	Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca. Repartir aos ACOMPAÑANTES nun maior número de vehículos. Na medida do posible, agrupar nun mesmo vehículo conviventes ou grupos estables, sen cambiarlos nen de asento, nen de coche durante os desprazamentos de ida e volta. Levar un botiño de hidroxel no interior do vehículo. Lavado de mans antes e despois da viaxe. Utilizar máscaras de protección no interior do vehículo. Non recircular o aire. Ventilar o interior con frecuencia.
Antes (común)	Outros alleos (acompañantes)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa	Saúdos entre persoas. ACOMPAÑANTES que antes do adestramento saúdan á xente da organización, deportistas e outros acompañantes. Incluso a veciños ou transeúntes, outros usuarios do medio natural, servizos de asistencia sanitaria, servizo de protección civil, etc. Saúdos entre persoas nos espazos de zona de reunión (arena) e aparcadoiro:	Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Non estará permitido o acceso de acompañantes á zona do mapa na que ten lugar o adestramento. Non estará permitido acceso aos espazos nos que se realiza o quecemento. Non estará permitido que se acheguen á zona de presaída/saída/chegadas, e na medida do posible ao SPORTident.
Antes (común)	Outros alleos (provedores)	xCONTACTO DIRECTO persoa-persoa	Saúdos entre persoas: PROVEEDORES de materiais ou servizos (hostalaría e/ou servizo de transporte cando o adestramento implique un desprazamento, pernoita e/ou manutención), etc.	Manter a distancia de seguridade (1,5 metros) e evitar saudar coa man ou con apertas. Atender ás indicacións sectoriais das autoridades sanitarias nos establecementos de hostalaría e restauración. Atender ás indicacións sectoriais das autoridades sanitarias en relación coa ocupación e o uso dos vehículos no transporte terrestre.
Antes (común)	Outros alleos (acompañantes)	xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais USO SIMULTÁNEO	ACOMPAÑANTE que axuda a DEPORTISTA a preparar o seu material individual no vehículo (mochilas, calzado deportivo, mapas, etc.).	Non facer contacto cos materiais dos deportistas. Non colaborar na montaxe de instalacións da organización. Utilizar bolsas plásticas para gardar o material individual e roupa do adestramento no maletero do vehículo. Levar un botiño de hidroxel no interior do vehículo. Lavado de mans antes e despois de manipular materiais.
Antes (común)	Outros alleos (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais USO SECUENCIAL	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non identificamos un uso SECUENCIAL de materiais por ACOMPAÑANTES antes do adestramento. Os ACOMPAÑANTES non interactúan co pequenos materiais dos deportistas porque son de uso individual.
Antes (común)	Outros alleos (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de materiais USO ALTERNO	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non identificamos un uso ALTERNO de materiais por ACOMPAÑANTES antes do adestramento. Os ACOMPAÑANTES non interactúan co pequenos materiais dos deportistas porque son de uso individual.
Antes (común)	Outros alleos (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO SIMULTÁNEO	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non identificamos un uso SIMULTÁNEO das superficies (polo menos dous usuarios ao mesmo tempo) por DEPORTISTAS antes do adestramento. Non está permitida a montaxe de carpas ou tendas para almacenamento de materiais ou refuxio de persoas no espazo de reunión (arena). Os contactos con superficies se limitan a circulacións peonís nos espazos de reunión (arena) e aparcadoiro. Estes espazos serán amplos e estarán ao aire libre.
Antes (común)	Outros alleos (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO SECUENCIAL	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non identificamos un uso SECUENCIAL de superficies (deixando pasar un tempo entre un usuario e outro) por DEPORTISTAS antes do adestramento. Os contactos con superficies se limitan a circulacións peonís nos espazos de reunión (arena) e aparcadoiro. Estes espazos serán amplos e estarán ao aire libre.
Antes (común)	Outros alleos (ningún)	xCONTACTO INDIRECTO a través de superficies USO ALTERNO	NON IDENTIFICAMOS ESTA SITUACIÓN	Non identificamos un uso ALTERNO de superficies (persoas alternativamente en contacto coa superficie en todo momento) por DEPORTISTAS antes do adestramento. Os contactos con superficies se limitan a circulacións peonís nos espazos de reunión (arena) e aparcadoiro. Estes espazos serán amplos e estarán ao aire libre.
Antes (común)	Outros alleos (acompañantes)	xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SIMULTÁNEO	Conversas entre persoas. Coincidencias no espazo e tempo de ACOMPAÑANTES con DEPORTISTAS, STAFF PROPIO e mesmo OUTROS ALLEOS que se regresan do adestramento. Tamén entre exercicio e exercicio, ou durante as sesións teóricas.	Non socializar nos espazos de reunión (arena) e aparcadoiro durante as esperas. Os espazos serán amplos e estarán ao aire libre con mínima presenza de transeúntes. Non está permitido o acceso aos diferentes espazos de adestramento (PRESAÍDA-TRIAXE, QUECEMENTO, SAÍDA ou META-RECUPERACIÓN) excepto se acompañan a menores. O acceso ao espazo de SPORTident será exclusivamente para interesarse por un DEPORTISTA que non chegou e podería necesitar axuda. Utilizar máscaras de protección por OUTROS ALLEOS tanto en espazos ao aire libre coma en espazos pechados (aulas, etc.), aínda que se respecten as distancias de seguridade, segundo as indicacións das Consellería de Sanidade.
Antes (común)	Outros alleos (iniciación)	xVÍA AÉREA uso de espazos de xeito SECUENCIAL	ACOMPAÑANTES que non manteñen a distancia de seguridade respecto de menores e outros deportistas nas categorías non oficiais (iniciación)	É obrigatorio o uso de máscara cando a proba se realice con acompañantes (conviventes ou non), ou cando se formen pequenos grupos, aínda que se faga o esforzo de manter a distancia de seguridade de 3,0 metros que marca o protocolo. É obligatoria a utilización cando o percorrido se faga camiñando (estamos aprendendo, non competindo), aínda que se faga o esforzo de manter a distancia de seguridade a distancia de seguridade de 3,0 metros que marca o protocolo.
